

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

## Augas

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *A Fonte da Virtude de Culleredo*

En Culleredo (A Coruña) hai unha fonte coñecida como a Fonte da Virtude onde se cura a sombra, aínda que antes facíase este mesmo rito nun manancial próximo. A sombra é un mal que afecta ás persoas e que se lles nota porque deixan de comer e quedan esqueléticos.

Pois ben, o asombrado ten que ir pola noite á Fonte da Virtude, acompañado dun home chamado Xan e dunha muller de nome María ; entrambos meten ó asombrado na fonte nove veces, ao tempo que manteñen este diálogo:

- Toma Xan
- ¿Que me dás, María?
- Un asombrado.
- Eu devólvocho san e salvo, polo poder de Deus e da Virxen María un "Padre nuestro" e un " Ave María"

Así nove veces seguidas.

A roupa que leva o asombrado tírase e pónselle outra limpa. O percorrido deica a fonte faise en silencio e vóltase á casa por outro camiño, tamén sen falar; e se a casa ten dúas portas, éntrase pola contraria da que se saíu.

[Información recompilada pola alumna Sabela Canedo do colexio Tarrío, Culleredo (A Coruña) no curso

2000-2001 ao realizar un estudo

das fontes de Culleredo baixo a dirección dos profesores Francisco Arturo Pita Fernández, Esperanza Monasterio Álvarez e Aurelio Solla Monteagudo]

Nota dos recompiladores:

Coñecemos unha das persoas que realizou ese rito unhas catro veces e, dende logo as criaturas non morreron, e tamén sabemos do rito pola irmá dun asombrado que maliño e famélico como estaba, negábase a comer.

Despois de facer o rito comezou a xantar e nada máis chegar á casa pediu unha taza de caldo e desapareceu o problema.

Dende logo a María que facía o rito voltaba para casa moi preocupada sempre, pois non podía evitar pensar:

□E se morre a criatura con tanta friaxe?□. O día seguinte pasaba pola casa do asombrado para asegurarse como marchaba todo e respiraba tranquila porque o asombrado xantaba, estaba alegre e xoguetón.